

**ACORDO DE ADHESIÓN DA UNIVERSITAT OBERTA DE CATALUNYA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E OS CENTROS UNIVERSITARIOS ADHERIDOS AO MESMO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E/OU MÁSTER EN CENTROS ASISTENCIAIS E UNIDADES ADMINISTRATIVAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS ADSCRITAS Á MESMA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que no Diario Oficial de Galicia núm. 251 do 31 de decembro de 2024 publicouse a "*RESOLUCIÓN do 12 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se publica o modelo normalizado de convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e os centros universitarios adheridos a el para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e/ou máster en centros asistenciais e unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade e das entidades instrumentais adscritas a esta.*".

Que a Universitat Oberta de Catalunya solicitou o 04.12.2025 a adhesión ao devandito modelo de convenio, sendo que a devandita solicitude autorizouse pola persoa titular da consellería de Sanidade o 11.12.2025, data na que se asinou e entrou en vigor o convenio, cuxa vixencia, de acordo co previsto na cláusula vixésimo sétima do modelo normalizado de convenio arriba citado, remata cando finalice o curso 2027/2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e as condicións da cooperación educativa entre as partes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación do programa de prácticas externas a través do cal o alumnado da universidade adherida a este (Universitat Oberta de Catalunya) poida complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade ou das entidades instrumentais adscritas a esta.

Esta formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e das técnicas do campo da titulación correspondente, a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do referido obxecto.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas Universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

Na actualidade, o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, regula estas prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, recollendo a posibilidade de que estas poidan realizarse na propia universidade ou en entidades colaboradoras a través da subscripción de Convenios de Cooperación Educativa que establecerán o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora, a universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada a esta última.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade, establece no seu artigo 104 que a estrutura asistencial do sistema sanitario debe estar en disposición de ser utilizada para a docencia pregraduada, postgraduada e continuada.

A vontade da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia foi e é a de establecer e fomentar relacións de cooperación con universidades para conseguir profesionais cunha adecuada visión das necesidades reais ás que deberán dar resposta no seu desempeño profesional futuro, a través dos lazos efectivos e eficientes de cooperación educativa cos centros universitarios.

Dita colaboración non implica gasto nin financiamento específico con cargo á Consellería de Sanidade, ao Servizo Galego de Saúde ou á Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde, nin establece vínculo laboral nin contractual de ningún tipo dos estudantes co sistema sanitario.

Ao longo do ano a Consellería de Sanidade recibe múltiples solicitudes procedentes de diferentes centros universitarios de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, demandando unha colaboración que posibilite aos seus alumnos a realización de estancias formativas de carácter práctico en centros asistenciais do sistema sanitario público de Galicia ou en unidades administrativas da Consellería de Sanidade. Por iso, considerouse necesario establecer un procedemento áxil para poder atender as solicitudes recibidas e que dera cobertura legal, académica e garantira outros aspectos de calidade asistencial e docente derivados da realización dos programas de prácticas. Sendo así que aprobose o modelo normalizado de convenio de cooperación educativa, publicado mediante a resolución do 12 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade á que se fai referencia máis arriba, ao que os centros universitarios que o soliciten poden adherirse.

No caso de estudantes dos centros do Sistema Universitario Galego, os concertos asinados coas respectivas universidades pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia



Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde establecen o marco para o desenvolvemento desta formación de carácter práctico, polo que non lles aplica a dita resolución.

O procedemento establecido neste Convenio de cooperación educativa, ao dispor de todos os interesados, profunda na garantía de dereitos dos cidadáns e na transparencia e equidade das accións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade e pódense adherir ao mesmo os centros universitarios que non formen parte do Sistema Universitario Galego e soliciten a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e/ou máster en centros asistenciais e unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade e das entidades instrumentais adscritas á mesma. A adhesión a este convenio implica a aceptación das condicións fixadas nel.

As prácticas concretas acórdanse finalmente a través dos anexos recollidos no modelo de convenio. A resolución aceptando a solicitude de adhesión a este convenio non implica a aceptación da totalidade das prácticas concretas que se soliciten, as cales estarán suxeitas á dispoñibilidade docente nos correspondentes centros, dispositivos asistenciais e unidades administrativas, e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa. En todo caso, a aceptación da solicitude, a selección de centros ou unidades e o número definitivo de alumnos estarán supeditados á previa satisfacción das demandas de formación práctica procedentes do sistema universitario de Galicia, conforme ao establecido nos acordos subscritos entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

